




Ute Gestión Cangas

← 44



CONCELLO DE CANGAS

SERVIZOS
AVDA DANIEL CASTELAO Nº2
36940 Cangas- Pontevedra

En Cangas a 6 de agosto de 2018

ASUNTO:

ENTREGA MEMORIA VALORADA SUBSTITUCIÓN DE REDE SANEAMENTO NA ESTRADA PO 315 BUEU-CANGAS..

Recibida notificación de Secretaría de referencia 3429 / 2018 sobre a necesidade de substitución da rede municipal de saneamento na estrada Aldán - Bueu, detectadas por esta concesionaria por medio de informe con cámara no interior da liña, e atendendo ó criterio exposto nesta mesma notificación que determina que esta concesionaria debe realizar memoria valorada da reforma das redes municipais, esta concesionaria presenta "Memoria Valorada de Substitución do colector de saneamento na estrada da Recta do Conde en Aldán" para a súa aprobación de acordo coas cláusulas 10 e 11.4 do PPT, e inclusión no plantexamento de inversións a realizar pola concesionaria.

Estando a súa disposición para calquera dúbida ou aclaración


Asdo: Francisco Comesaña Diego
Xefe de Servizo, UTE Gestión Cangas.
CIF: U-27.808.914

EXCMO. CONCELLO DE CANGAS

E. 92



Concello de Cangas

NOTIFICACIÓN

Expediente núm.:

3429/2018

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

Mediante este documento notifícasele que na sesión desenvolvida o día 9 de xullo de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3429/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobar a solicitude de encargo de redacción do proxecto das obras de substitución de colector de saneamento na estrada PO 315 Bueu-Cangas (punto kilométrico 9,000-9,250)

Visto o escrito presentado por "UTE GESTIÓN CANGAS" en data 28.07.2018 con rexistro nº 7673, polo que se poñen de manifesto as deficiencias estruturais detectadas no tramo do colector xeral de saneamento na PO-315 ao seu paso por Aldán, punto kilométrico 9,000-9,250, con informe gráfico en CD da situación actual do colector mediante inspección con cámara onde se aprecian as deficiencias, indicando que a solución sería a urxente substitución íntegra do tramo de colector coa reposición posterior do firme nas condicións que indique a Consellería de Infraestruturas da Xunta, titular da vía.

Vista a proposta da concelleira de obras e servizos relativa ás obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona, de 5 de xullo de 2018, na que se indica que as deficiencias indicadas provocan afundimentos na estrada que comprometen á seguridade da vía con advertencia da administración titular (Xunta de Galicia) de posibles sancións, así como, a necesidade de actuar na mellora da rede e evitar incidencias que poidan repercutir nesta zona de especial coidado medioambiental (ría de Aldán).

Visto que ante esta situación a "UTE Gestión Cangas", solicita que se lle encargue a redacción do proxecto para a súa aprobación e posterior execución.

Visto que procedemento de execución das obras que se presenta no escrito (requirimento de presentación de proxecto por parte do Concello) non se axusta ao establecido no prego de prescricións técnicas que forma parte integrante do contrato de xestión do servizo público relativo ao Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

* Lembrar á concesionaria que o procedemento para a execución das obras por conta da adxudicataria é o establecido nas cláusulas 10 e 11.4 do prego de prescricións técnicas que rexe o contrato relativo ao Ciclo Integral da auga do Concello de Cangas, sen que se estableza a obriga do Concello de encargarse a redacción de proxectos a executar pola empresa concesionaria.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tño. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 6ASG2PMWZZCFE54RDLHJFCP | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp/ubifirma | Páxina 1 de 2

Unidade de Información ao Cidadán (UIC) - Unidade de Información ao Cidadán - Unidade de Información ao Cidadán - Unidade de Información ao Cidadán - Unidade de Información ao Cidadán



Concello de Cangas

recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas, 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: SA5C32PMWZZCPEPS4RDFLHJFCP | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona estPublco | Páxina 2 a 2